



MEDIDAS DE SEGURIDADE NAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN:

Toda aquela persoa ou colectivo que solicite a realización dunha fogueira con motivo da celebración da noite de San Xoán en espazo de dominio público, é condición obrigada o sometemento ás seguintes **NORMAS**:

1. Queda estritamente prohibida a realización de fogueiras en rúas ou calzadas con aglomerado asfáltico, polo dano que isto provoca no firme.
2. Queda igualmente desautorizada a realización de fogueiras en emprazamentos próximos a edificios, mobiliario urbano, vehículos, vexetación... ou calquera outro susceptible de comportar risco para persoas ou/e bens.
3. É necesario delimitar o perímetro da fogueira para evitar a propagación do lume e, de ser o caso, facilitar a extinción.
4. Queda prohibida a utilización de líquidos inflamables.
5. Queda prohibida a combustión de materiais contaminantes para o medio ambiente, que desprendan grandes cantidades de fume e gases especialmente tóxicos ou corrosivos (pneumáticos, aceites, plásticos, PVC...).
6. Unha vez finalizada a celebración, os restos das fogueiras deben ser apagados para previr que os rescaldos poidan avivar o fogo.

